

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2005-06

DEPARTAMENTO: HISTORIA

**PROGRAMACIÓN DA ÁREA/MATERIA: HISTORIA DO MUNDO
CONTEMPORANEO**

**ENSINANZAS: BACHA
RELATO DE
HUMANIDADES**

CURSO: 1º

Obxectivos xerais:

- Desenvolver a sensibilidade e o sentido de responsabilidade ante os problemas sociais do noso tempo, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual
- Empregar con propiedade a terminoloxía básica acuñada pola historiografía
- Identificar e comparar acontecementos (políticos, ideolóxicos, económicos etc)
- Manexar criticamente fontes históricas variadas
- Establecer relacións causais, comparativas e de relación entre os fenómenos históricos
- Construír explicacións razoables sobre acontecementos históricos

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: A CONSTRUCCIÓN DO MUNDO CONTEMPORANEO - A Revolución Industrial. - A crise do Antigo Réxime. Ilustración. Revolución francesa e americana. Europa napoleónica - As revolucións burguesas e os movementos nacionais - Os cambios na sociedade do século XIX e a aparición do movemento obreiro. Iª e IIª Internacional	Procedementos: - Análise e identificación, coa axuda de fontes diversas, das distintas causas que dan lugar a cambios revolucionarios - Establecemento de relacións entre conceptos e definicións - Utilización de fontes literarias ou artísticas para contextualizar as distintas épocas - Comentarios de textos - Realización de mapas conceptuais, sinalando os elementos básicos dos distintos sistemas políticos -	Actitudes: - Manifestar interese por coñecer os antecedentes máis próximos do mundo contemporáneo - Preocupación polo rigor e a obxetividade na busca e interpretación da información histórica - Valoración doutras culturas que non seguiron o modelo evolutivo occidental - Curiosidade por coñecer algún proceso de cambio revolucionario
--	--	---

SEGUNDA AVALAICIÓ

Contidos: A EPOCA DOS IMPERIALISMOS - A Segunda Revolución industrial e a era do imperialismo - A Primeira Guerra Mundial - A Revolución rusa. A URSS A FIN DA HEXEMONIA EUROPEA - A crise dos anos trinta - As democracias e o ascenso dos totalitarismos. O Fascismo. O Nazismo - A Segunda Guerra mundial	Procedementos: - Utilización de mapas para mostrar os cambios habidos en Europa despois da Primeira Guerra Mundial - Utilización de mapas para estudar a colonización europea - Utilización de diferentes tipos de gráficos ou representacións - Confección de mapas sinalando as correntes migratorias - Identificación de ideas totalitaristas a través de textos - Localización xeográfica dos países que participaron nas guerras mundiais - - visualización de algun programa ou película relacionada cos temas a estudar	Actitudes: - Valoración crítica das ideoloxías políticas predominantes no mundo contemporáneo - Toma de conciencia das desigualdades existentes no marco do desenvolvemento económico - Respecto e colaboración par conservar o patrimonio histórico humano - Conciencia da necesidade dunha formación histórica para adoptar posturas críticas - Aceptación do dereito de pobos, de nacións e de Estados a exercer a súa soberanía e a desenvolver a súa cultura
--	---	--

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: O MUNDO DESDE 1945 - A epoca da guerra fría. Os dous bloques - A epoca da descolonización. O Terceiro Mundo - Sociedade e cultura no novo milenio. Ocio e consumo. Globalización - A historia recente. Afundemento da URSS e do bloque comunista. Os últimos conflitos bélicos	Procedementos: - Realización de traballos de investigación sobre temas de actualidade - Manexo de mapas históricos que permitan entender certos cambios de fronteiras e a aparición de novas nacionalidades - Localización dos países que integraron a URSS - Traballo de investigación sobre algún conflito mundial que garde relación co neocolonialismo - Manexo da prensa para o estudio de certos temas - Busqueda de información sobre os países da U.E. facendo unha análise comparativa	Actitudes: - Conciencia da igualdade entre o home e a muller e rexeitamento de calquera tipo de discriminación sexual - Superación de posturas eurocéntricas - Actitude de rexeitamento ante a loita que, polo control de recursos, de espazos e sociedades, leva á humanidade á perda da paz - Preocupación ante calquera postura de discriminación en función da raza ou da nacionalidade.
---	---	--

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

ASISTENCIA

OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA: intervencións coherentes, interese, atención, asistencia

TRABALLO FORA DA AULA: deberes diarios, comentarios de textos, indagacións nas enciclopedias, “internet” etc....

EXAMES. Unha parte de preguntas e outra de “comentario de textos). Mínimo dous exames por avaliación.

AVALIACIÓN: Continúa, non hai exame de recuperación. A nota será un compendio dos apartados anteriores; a nota de máis peso será a dos exames, para redondeala terase en conta o citado anteriormente

AVALIACIÓN FINAL: Media dos tres trimestres. Pode contemplarse algunha recuperación final de todo o programa para certos casos dudosos que non esten lonxe do aprobado. O alumno suspenso terá que presentarse en Setembro a toda a asignatura

Serán tidas en conta a ortografía e expresión, que deberá ser clara e coherente

HOMOXENEIZACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os contidos propios da materia
- Exposición clara e coherente tanto oral como escrita
- Corrección ortográfica e uso dos signos de puntuación
- Na elaboración de traballos, valórase: a capacidade de síntese e as aportacións persoais
- Na exposición oral de traballos, valórase: o vocabulario propio e a claridade expositiva; a comprensión do contido
- No que respecta á libreta de clase, exames escritos e traballos en xeral, terase en conta a limpeza e a presentación
- A presentación de traballos dentro das datas prestablecidas cumprírase rigurosamente: No caso de demora será necesaria unha xustificación, dándose o prazo dun día máis. En caso de que o retraso persista non se admitirá o traballo dese alumno

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

- Distinguir as transformacións que configuran o modelo liberal
- Caracterizar os elementos básicos da economía capitalista
- Coñecer as modificacións no mapa político europeo a partir do inicio dos nacionalismos, da 1ª Guerra mundial, da 2ª Guerra M., e as posteriores a 1991.
- Valorar o percorrido polo movemento obreiro ata hoxe e recoñecer os principais logros da súa loita
- Saber relacionar o proceso imperialista colonial e a situación das excolonias
- Localizar as áreas de expansión colonial
- Controlar a articulación de relacións que provocan as dúas grandes guerras
- Relacionar a Revolución rusa coa situación actual dese país
- Caracterizar os movementos políticos totalitarios e discernir os elementos que perviven
- Comprender a división do mundo en dous bloques antagónicos
- Distinguir os principais organismos internacionais e supranacionais e os seus respectivos obxectivos
- Caracterizar tres modelos políticos-sociais: capitalismo, socialismo, mundo dependente
- Ter unha visión crítica, clara, tolerante e solidaria con respecto aos problemas actuais
- Expresarse con corrección gramatical e ortográfica

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Os alumnos con faltas de asistencia reiterada e sen xustificar, deben presentarse a un exame final da asignatura, nela entrará todo o programa; así mesmo deben realizar tódolos traballos, comentarios de textos e demais exercicios feitos polo resto dos alumnos ó longo do curso.

En caso de faltas xustificadas (enfermidade, accidente), o profesor decidirá o xeito de recuperación dacordo ó caso particular de cada alumno.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Será similar á de Xuño, unha parte “Comentario de texto” e outra de preguntas; o valor será dun 50% cada parte, ou ben 60% - 40%